

osnososnegocios|Infiltrámonos no décimo aniversario da escola que máis mola!

Gola celebra 10 anos de éxito educativo en inglés cunha súper festa de Halloween

Unha década pasou xa desde outubro de 2013, cando en Teo abriu unha escola que chegou para revolucionar a ensinanza de inglés na comarca. Fíxoo coa súa innovadora filosofía: que os pequenos aprendesen o idio-

Se o 14 de outubro vos estrañou ver Cacheiras invadida de zombis, bruxas e vampiros, velaquí a explicación! Pois Halloween adiantouse este ano en Teo polo décimo aniversario da escola **Gola The Toy Library**, terroríficamente inesquecible!

ma desde ben cativos da forma máis natural e divertida mentres xogan, cociñan, cantan ou coidan das mascotas. Todo iso, no ambiente familiar dun segundo fogar para os nenos e nenas, que nos inicios esti-

vo na casa verde dos Catro Camiños e no 2020 se trasladou á actual de Cacheiras, máis ampla para garantir a seguridade dos seus *goliños* na pandemia. Unha casa nova para tempos novos pero coa esencia de sem-

enimaxes Abaixo, a celebración inmortalizada pola cámara de Martín Lagoa. Unha tarde de diversión no xardín da escola na que non faltaron xogos e actividades coma o pintado de caras, unha merenda con *cupcakes* terroríficamente saborosos e un *photocall* no que retratarse para o recordo. Tres alumnas que levan en Gola desde o inicio –Lara, Irati e Sofía– puxéronlle música ao evento, no que a mascota da escola, Funy, soprou as velas coa directora. Que rematou o día inmortalizándose co seu fantástico equipo de *teachers*!

pre. Esa que recordou a súa directora polo décimo aniversario. Pois detrás de Gola está unha emprendedora neoirquina filla de galegos que, por riba de todo, sempre creu no poder do seu proxecto. E o tempo deu lle a razón. “Cando empecei, dicíanme que estaba

tola por aconsellar que os nenos viñesen dous días, seis horas á semana. Dez anos despois vemos os resultados, que son excelentes, con rapaces que levan desde os inicios connosco e teñen un nivel de inglés espectacular”, celebrou Gloria Senra emocionada o día do aniversario.

Ese co que Gola tamén acadou o seu outro obxectivo: “Facer comunidade vindo a xente reunida como hoxe aquí”. Pois se xa a inauguración da escola fora en 2013 unha festa de Halloween, esta festividade americana que ano tras ano arrasa en Gola non podía faltar tamén na

celebración da súa primeira década de vida. Cando centos de invitados –os *goliños* e *goliñas* disfrazados, algúns xa adolescentes, cos pais– pasaron unha tarde en grande. E que emocionante foi velos cantarlle o *Happy Birthday* a Funy, a mascota da escola. Por moitos anos máis!!



falaafamiliadaescoladeinglés... ¿Que significa **Gola** para ti? Pais e alumnas que levan aprendendo o idioma de Shakespeare desde os tres aniños cóntannos a súa experiencia neste innovador centro teense



Magda Rodríguez. Santiago
“As miñas fillas veñen desde os 3 anos e os inicios de Gola, e cando van a Inglaterra pasan por inglesas do ben que falan”
“Gola foi para min atopar a forma perfecta de que as miñas dúas fillas aprendesen inglés divertíndose, facendo amigas e

cun profesorado espectacular, nun ambiente moi familiar. A maior vén desde hai dez anos, cando abriu Gola, e xa é practicamente bilingüe, e a pequena comezou un ano despois. As dúas empezaron coa idade mínima coa que se podía, tres anos, e cada vez que imos a Inglaterra ver os primos pasan por inglesas perfectamente. Os anos que fomos alá a elas ningún lles preguntaba se eran españolas porque defendíanse falando sen problema, mentres que os pais era abrir a boca e preguntarnos todos se eramos españois (risas)”.



Daniella e Arianna. Santiago
“Nós levamos vindo 10 e 9 anos e Gola é unha segunda casa. E a quen lle debemos sacar notazas en inglés!”
“Nós somos irmás e as fillas de Magda (o anterior testemuño), Daniella de 13 anos e Arianna de 11 recién cumpridos, e

levamos vindo a esta escola de inglés desde os tres anos. Xusto ata este curso viñemos sempre tres horas tres días á semana, nove horas semanais en total, polo que Gola é para nós unha segunda casa. Un lugar ao que vimos contentas desde que eramos pequenas porque aquí non só aprendemos inglés, senón que tamén facemos xogos e amigos, divertíndonos sempre. Logo, no noso colexio sempre sacamos as dúas notazas en inglés e iso debémollo a Gola e ao seu profesorado, que é fantástico!”.



Felipe Pose. O Milladoiro
“Gola para a nosa familia foi un descubrimento increíble. É unha fantasía traer as dúas fillas; están súper felices”
“Gola para a nosa familia foi un descubrimento increíble. É unha fantasía ter aquí as rapazas –María de 11 anos e Xiana, que

ten 4 e empezou o ano pasado–, pois están súper felices cun equipo de profesoras que son o mellor que pode haber. Fan un montón de traballo con elas: manualidades, cociña... Veñen desde os tres anos dous días tres horas e pásanselles voando; non houbo un día que houbera problemas para vir; sempre veñen encantadas. E normal, porque volven con doces feitos, con caretas... Aprenden inglés de forma fácil e no colexio sempre non din que a maior ten moi bo nivel. E ela xestiónase soa perfectamente, o que é unha despreocupación”.



Pili Pais. A Estrada
“Eu veño desde A Estrada cos meus tres fillos e en só dous anos xa lles notamos unha evolución enorme”
“Eu é o terceiro curso que veño desde A Estrada traer os meus tres fillos de 10, 9 e 6 anos. Tras descubrir Gola preguntando

por campamentos de verán diferentes, agora veñen todos os sábados tres horas e só en dous anos xa lles notamos unha evolución moi grande, fundamentalmente ao maior, que xa mantén conversas en inglés. Antes foran a unha academia pero nada que ver; pois aquí falan todo o tempo en inglés e é como se vivisen nese idioma. Non é aprender os verbos ou vocabulario, aquí aprenden xogando, cociñando, facendo experimentos... collendo vocabulario que doutro xeito non terían. E con profesorado nativo, o que se lles nota no acento”.



Aroa Domínguez. Teo
“Aquí non me custa aprender e no futuro gustaríame ser profesora, como as de Gola que son súper boas”
“Eu son de Cacheiras, teño dez anos e levo vindo a Gola desde antes de cumprir os tres. Veño os martes e os venres tres horas

cada día, e ademais de estar no formato *Toy Library* este curso anoteime no club de teatro, que me encanta. Estamos preparando unha obra! Veño contenta porque me divirto cos amigos e desta forma non me custa aprender inglés. Ademais, ao empezar tan pequeniña ganeí seguridade. Agora estudo 5º de Primaria no colexio da Ramallosa e adoito sacar sempre dez en inglés, idioma no que xa manteño unha conversa sen problema. No futuro gustaríame ser profesora de infantil e inglés, como as de Gola que son súper boas”.